

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

ORDE do 20 de novembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras do programa Emprega Discapacidade e Exclusión, de incentivos á contratación, formación e emprego con apoio, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR342A).

No marco establecido nos artigos 40 e 49 da Constitución española, no Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de emprego, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, conforme a Estratexia europea de emprego, e do respectivo Plan anual de política de emprego (PAPE), e co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia acade uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión no territorio, é preciso adoptar políticas que promovan a calidade dun modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade de toda a sociedade galega para crear emprego, en especial para aquelas persoas cuxa integración laboral supón máis dificultades como son as persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social.

De acordo co disposto no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, modificado parcialmente polo Decreto 106/2018, do 4 de outubro; e no Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, correspóndelle a esta o exercicio das competencias e funcións relativas á xestión das políticas activas de emprego.

A Xunta está a implementar a Axenda 20 para o emprego, para impulsar o emprego estable e de calidade e acadar un novo modelo produtivo de Galicia baseado no crecemento e no coñecemento. Entre as medidas que se recollen nesta Axenda 20 destaca o programa Emprega persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social que, en concordancia co desenvolvemento doutras medidas no ámbito social e na execución das políticas activas de emprego, aposta por un mercado laboral accesible, inclusivo e de calidade e establece accións específicas para a inserción deste colectivo, que teñen por



obxecto a mellora da súa empregabilidade e, coordinadamente, o establecemento de medidas para a súa inserción e permanencia no mercado de traballo.

No deseño e xestión das políticas activas de emprego débese ter en conta a diversidade e a pluralidade que caracteriza a poboación con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social, que se debe atender de forma diferente segundo as demandas e as necesidades que cada grupo de persoas traballadoras presenta. Dentro dos colectivos indicados existen grupos que, debido á súa tipoloxía concreta, teñen maiores dificultades de acceso ao mercado ordinario de traballo. Esta realidade exige a adopción de medidas específicas, que se poderían considerar de acción positiva dentro do grupo das persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social, xa que se trata de tratamentos máis intensos e diferenciados para estimular a súa empregabilidade.

A presente orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, e no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que a concesión das subvencións queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

O artigo 4 da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, establece a definición de persoas con discapacidade, considerando como tales aquelas que teñen recoñecido un grao de discapacidade superior ou igual ao 33 %.

O programa configúrase dentro dos programas propios da Comunidade Autónoma de Galicia no Plan Anual de Política de Emprego (PAPE) para 2020.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, no relativo aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na xestión, no Decreto 11/2009, do 9 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xuño.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, e logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación e



Orzamentos, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e principios de xestión*

1. Esta orde ten por obxecto regular as axudas que favorezan a contratación das persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social na empresa ordinaria e, especialmente, daquelas que teñen maiores dificultades de inserción laboral:

A orde inclúe un programa de incentivos pola contratación, formación e emprego con apoio (código de procedemento TR342A) con tres tipos de bonos compatibles regulados no capítulo II:

a) Bono de contratación, por medio do cal se proporcionará unha subvención para a contratación indefinida inicial, a temporal cunha duración mínima inicial de 3 meses e a transformación de contratos temporais en indefinidos a tempo completo ou a tempo parcial das persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social.

b) Bono de formación, dirixido ás persoas traballadoras cunha contratación indefinida inicial ou temporal mínima de 6 meses, beneficiarias do bono de contratación, para levar a cabo accións formativas que melloren os seus coñecementos e habilidades relacionados co posto de traballo.

c) Bono de emprego con apoio, que consiste nun conxunto de actividades de orientación e acompañamento individualizado que prestan, no propio posto de traballo, persoas preparadoras laborais especializadas ás persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social, con especiais dificultades de inserción laboral e que realizan a súa actividade en empresas do mercado ordinario de traballo en condicións similares ao resto dos traballadores e traballadoras que desempeñan postos de iguais características.

CVE-DOG: mxmtmvhh6-pin9-rd53-jeh4-mjkeruyxmht4



2. A xestión das axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

d) Celeridade e impulso da actividade administrativa.

Artigo 2. *Financiamento*

1. O programa regulado nesta orde está financiado con fondos finalistas do Estado recibidos do Servizo Público de Emprego Estatal.

2. A concesión das subvencións previstas para o ano 2020 nesta orde estará limitada á existencia de crédito orzamentario. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución da persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias.

Os créditos que financian esta orde terán a seguinte distribución inicial con cargo ás aplicacións orzamentarias da Secretaría Xeral de Emprego:

No código de proxecto 2016 00309.

Bonos	Importe por aplicacións	Aplicacións orzamentarias
Bonos de incentivos á contratación indefinida, temporal, formación e emprego con apoio	2.072.789 €	09.40.322C.470

Bonos	Importe por aplicacións	Aplicacións orzamentarias
Bonos de incentivos á contratación indefinida, temporal, formación e emprego con apoio	130.000,00 €	09.40.322C.481.9

3. De producirse remanentes de crédito na asignación inicial para o financiamento de cada programa reasignaranse as contías sobrantes para atender as necesidades de crédito doutro programa. Así mesmo, de producirse remanentes nunha aplicación orzamentaria



dun programa, reasignaranse as contías sobrantes na outra aplicación do mesmo programa. As reasignacións levaranse a cabo, logo das modificacións orzamentarias pertinentes.

A presente orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, e o artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que a concesión das subvencións sometida queda á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

4. Os créditos que financian esta orde poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego. Poderá ampliarse a contía máxima e o incremento de crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación, ou incorporación de crédito, da existencia de remanentes de outras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Artigo 3. *Beneficiarias das subvencións*

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten persoas desempregadas por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos exixidos para acceder ás axudas.

CVE-DOG: mxmtmvhh6-pin9-rd53-jeh4-mjkeruyxmht4



2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas nesta orde as persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso agás que adquirira eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non acharse ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

CVE-DOG: mxtmvhh6-pin9-rd53-jeh4-mjkeruyxmht4



j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos números 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das cales se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non se dite resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as persoas solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46 e 46.bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Artigo 4. *Normativa aplicable*

As solicitudes, tramitación e concesión das subvencións axustaranse ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, no proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e ao disposto nesta orde.

Artigo 5. *Definicións*

Para os efectos de esta orde considérase:

1. Persoa desempregada: aquela que figure inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego e que, pola súa vez, careza de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego e da vida laboral realízase directamente o órgano xestor das axudas.



Igualmente, a comprobación de carecer de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, na data da súa alta na Seguridade Social, das persoas traballadoras que se incorporan á empresa polas cales se solicita a subvención, realizaraa directamente o órgano xestor das axudas.

2. Persoas con discapacidade: aquelas que teñan recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 %.

3. Para os efectos desta orde terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativa da dita situación social, tras a verificación da ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

4. Emprego con apoio é o conxunto de accións de orientación e acompañamento individualizado no posto de traballo, prestadas por preparadores e preparadoras laborais especializados, que teñen por obxecto facilitar a adaptación social e laboral de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social con especiais dificultades de inserción laboral en empresas do mercado ordinario de traballo en condicións similares ao resto das persoas traballadoras que desempeñan postos equivalentes.

5. Contrato a tempo parcial. O contrato de traballo entenderase celebrado a tempo parcial cando se acorde a prestación de servizos durante un número de horas ao día, á semana, ao mes ou ao ano inferior á xornada de traballo dun traballador a tempo completo comparable.

Está permitida a celebración a tempo parcial en todas as modalidades de contratación de duración determinada, salvo o contrato para a formación e a aprendizaxe.

6. Transformación de contratos temporais en indefinidos. Para os efectos desta orde, entenderase que se produce a transformación en todos aqueles casos en que ambas as dúas modalidades contractuais se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos en que o inicio da relación laboral indefinida ten lugar ao día seguinte ao do termo da vixencia do contrato temporal, incorporándose á empresa con carácter estable sen ruptura de continuidade na relación laboral.



7. Persoa emigrada retornada: de acordo co establecido nos artigos 53 e 54 da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, terán a condición de persoa galega retornada as persoas galegas e nadas en Galicia que, residindo fóra de España, retornen á Comunidade Autónoma galega. Para os efectos previstos nesa lei, asimílanse a persoas galegas retornadas os cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal e os fillos e fillas das persoas galegas e nadas en Galicia con residencia no estranxeiro que, residindo fóra de España, se establezan na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os requisitos, con carácter xeral, para adquirir a condición de persoa galega retornada son os seguintes:

- a) Ser persoa galega nacida en Galicia.
- b) Acreditar ou ter relación filial, conxugal ou análoga á conxugal.
- c) Estar en posesión da nacionalidade española e estar vinculado ou vinculada a un concello galego no padrón de residentes no exterior antes do retorno.
- d) Estar empadroadado ou empadroadada nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para adquirir esta condición de persoa emigrada retornada non deben transcorrer máis de dous anos entre a data do seu retorno a España e a data de presentación da solicitude de axuda ao abeiro desta orde.

8. Concello rural: aquel que non conta con ningunha zona densamente poboada a nivel de parroquia (ZPD) segundo a clasificación publicada polo Instituto Galego de Estatística https://www.ige.eu/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl). Para estes efectos, considéranse concellos rurais todos os concellos galegos agás os seguintes: Cambre, A Coruña, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros, Santiago de Compostela, Lugo, Barbadás, Ourense, Poio, Pontevedra e Vigo.

9. Persoa trans: toda aquela persoa que se indentifique cun sexo diferente ao que lle foi asignado ao nacer.

10. Taxa de estabilidade: a porcentaxe do persoal traballador fixo sobre o total do cadro de persoal, no mes en que se realiza a contratación, no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.



11. Sectores estratéxicos: en particular, de acordo coa última actualización da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 2009), segundo o disposto no Real decreto 475/2007, do 13 de abril de 2007, terán a consideración de sectores estratéxicos, para efectos desta convocatoria, os seguintes:

a) Silvicultura:

021 Silvicultura e outras actividades forestais.

022 Explotación da madeira.

023 Recolección de produtos silvestres, agás madeira.

024 Servizos de apoio á silvicultura.

b) Sector de transformación da madeira:

161 Serradura e cepilladura da madeira.

162 Fabricación de produtos de madeira, cortiza, cestería e espartaría.

1621 Fabricación de chapas e taboleiros de madeira.

1622 Fabricación de chans de madeira ensamblados.

1623 Fabricación doutras estruturas de madeira e pezas de carpintaría e ebanistaría para a construción.

1624 Fabricación de envases e embalaxes de madeira.

1629 Fabricación doutros produtos de madeira; artigos de cortiza, cestería e espartaría.

c) Fabricación de compoñentes electrónicos e ordenadores:

261 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos de impresos ensamblados.

2611 Fabricación de compoñentes electrónicos.

2612 Fabricación de circuítos impresos ensamblados.



262 Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos.

263 Fabricación de equipamentos de telecomunicacións.

d) Sector automoción:

291 Fabricación de vehículos de motor.

292 Fabricación de carrozarías para vehículos de motor; fabricación de remolques e semirremolques.

293 Fabricación de compoñentes, pezas e accesorios para vehículos de motor.

e) Sector naval:

301 Construción naval.

f) Sector aeronáutico:

303 Construción aeronáutica e espacial e a súa maquinaria.

g) Fabricación de mobles:

310 Fabricación de mobles.

3101 Fabricación de mobles de oficina e de establecementos comerciais.

3102 Fabricación de mobles de cociña.

3103 Fabricación de colchóns.

3109 Fabricación doutros mobles.

h) Edición de programas informáticos.

5821 Edición de videoxogos.

5829 Edición doutros programas informáticos.



i) Telecomunicacións:

611 Telecomunicacións por cable.

612 Telecomunicacións sen fíos.

613 Telecomunicacións por satélite.

619 Outras actividades de telecomunicacións.

j) Actividades relacionadas coa informática.

620 Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática.

6201 Actividades de programación informática.

6202 Actividades de consultoría informática.

6203 Xestión de recursos informáticos.

6209 Outros servizos relacionados coas tecnoloxías da información e a informática.

631 Procesos de datos, *hosting* e actividades relacionadas; portais web.

6311 Proceso de datos, *hosting* e actividades relacionadas.

6312 Portais web.

9511 Reparación de ordenadores e equipamentos periféricos.

9512 Reparación de equipamentos de comunicación.

Artigo 6. *Solicitudes*

1. As solicitudes de subvención deberán presentarse no modelo de solicitude que se indica e que figura como anexo I e no prazo que se establece para cada un dos bonos desta orde regulados no capítulo II.

CVE-DOG: mxtmvhh6-pin9-rd53-jeh4-mjkeruyxmht4



2. As solicitudes deberán obrigatoriamente presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Se algunha das persoas e entidades beneficiarias presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

Artigo 7. *Emenda das solicitudes*

A sede electrónica remitirá as solicitudes recibidas á unidade administrativa encargada da instrución do expediente para que comprobe se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirán a persoa interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará que a persoa ou entidade interesada desiste da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

Artigo 8. *Documentación complementaria*

1. Ás solicitudes das persoas e entidades beneficiarias xuntaranse os documentos sinalados no capítulo II desta orde, salvo que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 53.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan. Coa achega desta información, presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa ou entidade interesada a súa presentación, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.



2. A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente. As persoas ou entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas ou entidade solicitantes presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

3. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica por parte da persoa, entidade solicitante ou representante, supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaños máximos admitidos da documentación complementaria para cada procedemento.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa, entidade solicitante ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código do rexistro.

Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas ou entidades solicitantes deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano ou entidade responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións firmes que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos



correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, de ser o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no punto 4 do citado artigo.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 35/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 11. *Competencia*

A competencia para coñecer, resolver e propor os correspondentes pagamentos das subvencións previstas nesta orde, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, corresponderalles ás persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no respectivo ámbito provincial, polas contratacións que se realicen para prestar servizos en centros de traballo radicados na respectiva provincia.

Artigo 12. *Instrución do procedemento*

1. O procedemento de concesión das axudas e subvencións desta orde será en concorrencia non competitiva e axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instructor dos expedientes para os incentivos da presente orde será o Servizo de Emprego e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria competente por razón do territorio, que instruirá os procedementos de acordo cos criterios establecidos para cada tipo de axuda.



3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. Neste caso, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

6. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

7. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Resolución e recursos*

1. A competencia para resolver as solicitudes corresponderalle, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, á xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria competente por razón do territorio.

2. Logo da fiscalización das propostas de resolución polas respectivas intervencións, as resolucións serán ditadas polo órgano competente, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e deberán serlles notificadas ás persoas ou entidades interesadas. As resolucións, concesorias ou denegatorias, deberán ser sempre motivadas.

CVE-DOG: mxmtvvh6-pin9-rd53-jeh4-mjkeruyxmht4



3. O prazo para resolver e notificar é de tres meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Notificada a resolución polo órgano competente, as persoas ou entidades interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada. Todo o anterior é de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 14. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, seguindo o principio de proporcionalidade a que se refire o artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 15. *Obrigas das persoas e das entidades beneficiarias*

Son obrigas das persoas e entidades beneficiarias das axudas, sen prexuízo das obrigas específicas para cada tipo de axuda regulada nesta orde, as seguintes:

a) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como a calquera outra actuación de control que poidan realizar os órganos competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, por medios propios ou alleos, para o cal achegarán canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



b) Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, tal e como establece o artigo 11.d) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

c) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

d) Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa ou entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o idóneo exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Excepto aquelas persoas ou entidades beneficiarias que pola normativa vixente estean exentas da obriga de levar a cabo unha contabilidade, teñen a obriga de levar unha contabilidade separada ou un código contable acomodado para os ingresos da subvención.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos por un prazo de 5 anos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións

i) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: mxmtmvh6-pin9-rd53-jeh4-mjkeruyxmht4



Artigo 16. Seguimento e control

1. As xefaturas territoriais da Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Secretaría Xeral de Emprego poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, a persoa beneficiaria deberá cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

2. A persoa ou entidade solicitante das axudas previstas nesta orde, no suposto de ter a condición de beneficiaria e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria para que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poida facilitar a información sobre a situación de alta no sistema da Seguridade Social.

Artigo 17. Perda do dereito ao cobramento, revogación e reintegro

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no disposto especificamente para cada tipo de axuda no capítulo II da presente orde.

O incumprimento das obrigas establecidas na presente orde e demais normas aplicables, así como das condicións que se establecesen na correspondente resolución de concesión, poderá dar lugar á perda total do dereito ao cobramento ou subvención ou, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver a subvención percibida e os xuros de demora correspondentes.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 18. Devolución voluntaria da subvención

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas ou entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administra-



ción, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante ingreso na conta ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a persoa ou entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal consten a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e a denominación da subvención concedida.

CAPÍTULO II

Programa de incentivos á contratación, formación e emprego con apoio (código de procedemento TR342A)

Sección 1ª. Disposicións xerais para os bonos de contratación e formación

Artigo 19. Obxecto dos bonos de contratación por conta allea e formación

1. Esta orde ten por obxecto regular os incentivos á contratación por conta allea das persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social coa finalidade de fomentar e favorecer a súa integración laboral no mercado ordinario de traballo.

2. Por medio destes bonos as empresas que soliciten a subvención terán a posibilidade de obter axudas para a contratación por conta allea e pola formación. Son dous tipos de axudas compatibles:

a) Bono de contratación, por medio do cal se proporcionará unha axuda para a contratación por conta allea indefinida, a temporal cunha duración mínima de tres meses e a transformación de contratación temporal en indefinida, a tempo completo ou a tempo parcial, incluída a modalidade de fixo descontínuo, das persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social.

b) Bono de formación (opcional), dirixido ás persoas traballadoras cunha contratación indefinida inicial ou temporal cunha duración inicial mínima de 6 meses, contratadas por medio desta orde, para levar a cabo accións formativas que melloren os seus coñecementos e habilidades relacionados co posto de traballo, agás no caso de transformación de contratos temporais en indefinidos.

Artigo 20. Persoas destinatarias finais

Persoas con discapacidade ou en situación de risco ou exclusión social desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego non ocupadas e



persoas traballadoras con discapacidade procedentes de centros especiais de emprego e de empresas de inserción laboral.

Artigo 21. *Prazo de solicitudes*

As solicitudes de axudas dos bonos de contratación e formación para as contratacións por conta allea subvencionables realizadas entre o 1 de outubro de 2019 e a data da publicación desta orde deberán presentarse no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal ao da publicación e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

As axudas previstas polas contratacións subvencionables realizadas desde a entrada en vigor desta orde deberán solicitarse ata o último día do segundo mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral indefinida ou temporal pola cal se solicita subvención. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas rematará o 30 de setembro de 2020, aínda que nesa data non transcorrese o prazo sinalado nos parágrafos anteriores.

Artigo 22. *Instrución, resolución e competencia*

1. O órgano instrutor dos expedientes destes bonos será o Servizo de Emprego e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria competente por razón do territorio, que instruirá os procedementos de acordo cos criterios establecidos para os ditos bonos.

2. Entenderase que a empresa desiste da súa solicitude cando a persoa traballadora pola cal se solicita subvención cause baixa na empresa solicitante en data anterior á resolución da concesión da axuda. A empresa solicitante está obrigada a comunicar esta situación ao órgano ante o cal solicitou a axuda.

3. O prazo para resolver e notificar de tres meses computarase desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o de-



vandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 23. *Réxime de axudas*

Estas axudas quedan sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro); ao Regulamento (UE) núm. 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L190, do 28 de xuño), e ao Regulamento (UE) núm. 1408/2013, do 18 de decembro, modificado polo Regulamento (UE) 2019/316 da Comisión, do 21 de febreiro de 2019 (DOUE L51 1/1, do 22 de febreiro), relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L352, do 24 de decembro).

Ao estar este réxime de axudas suxeito ao réxime *de minimis*, deberase garantir que, no caso de axudas a empresas, de recibir o beneficiario outras axudas baixo o réxime *de minimis* non se supera o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais; para as empresas do sector transporte de mercadorías por estrada, este límite redúcese a 100.000 euros. Para as empresas do sector da pesca, as axudas *de minimis* totais que se concedan a unha mesma empresa non poderán superar os 30.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. Para as empresas do sector agrícola, o límite *de minimis* redúcese a 20.000 euros durante calquera período de tres exercicios. Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de «única empresa» establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013.

Artigo 24. *Incompatibilidades e concorrencia*

1. As axudas previstas no bono de contratación son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Non obstante, serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións á Seguridade Social.



2. As axudas previstas no bono de formación son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o financiamento das horas de formación procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

3. En ningún caso o importe das subvencións concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o 80 % do custo salarial de dúas anualidades correspondentes ao contrato que se subvenciona, no caso das contratacións indefinidas iniciais, e 80 % do custo salarial da contratación temporal, segundo o caso, correspondente ao contrato que se subvenciona, para as contratacións temporais.

4. Os incentivos establecidos nestes bonos serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sección 2ª. Bono de incentivos a contratación para persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social

Artigo 25. Ambito de aplicación e contratacións subvencionables

Serán subvencionables ao abeiro deste programa as contratacións por conta allea indefinidas iniciais, as temporais cunha duración inicial mínima de 3 meses e a transformación de contratos temporais en indefinidos, a tempo completo ou a tempo parcial, que se celebren desde o 1 de outubro de 2019 ata o 30 de setembro de 2020.

As contratacións indefinidas iniciais, temporais e as transformacións de contratacións temporais en indefinidas, para que poidan ser obxecto de subvención, deberán formalizar e comunicar á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

Non serán subvencionables os contratos de formación e aprendizaxe.



Artigo 26. Requisitos

1. A persoa traballadora pola cal se solicita a subvención debe ser persoa desempregada con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social, segundo o establecido no artigo 5 desta orde, ou persoas traballadoras que procedan dos centros especiais de emprego (CEE) ou empresas de inserción laboral (EIL).

2. Os incentivos previstos neste procedemento serán de aplicación a todas as contratacións indefinidas iniciais, incluídas as de persoas fixas descontínuas, ás modalidades contractuais de carácter temporal e ás transformacións de contratacións temporais en indefinidas que se realicen con persoas desempregadas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social, agás os contratos para a formación e a aprendizaxe. Os contratos temporais terán unha duración mínima inicial de tres meses.

3. No caso da contratación indefinida inicial ou da transformación de contrato temporal en indefinido:

Como consecuencia da contratación indefinida inicial pola cal se solicita subvención ten que incrementarse o cadro de persoal fixo e neto da empresa, no ámbito territorial de Galicia, respecto aos tres meses anteriores ao mes de realización da contratación pola que se solicita subvención.

Como consecuencia da transformación do contrato temporal en indefinido ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa, no ámbito territorial de Galicia, respecto aos tres meses anteriores ao mes de realización da transformación pola que se solicita subvención.

Para o cálculo do incremento do cadro de persoal fixo e neto non se computarán ás persoas traballadoras cuxas baixas se producen por propia vontade da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por resolución do contrato de traballo durante o período de proba.

No caso de que nos tres meses anteriores á contratación ou transformación do contrato temporal en indefinido pola cal se solicita a subvención coincida con períodos de inactividade de persoas traballadoras fixas-descontínuas, estas computaranse como persoal fixo.

CVE-DOG: mxtmvhh6-pin9-rd53-jeh4-njkeruyxmht4



4. No caso da contratación temporal cunha duración inicial mínima de 3 meses:

a) Como consecuencia da contratación temporal que se fomenta ten que incrementarse o emprego neto da empresa no ámbito territorial de Galicia respecto aos tres meses anteriores ao mes da contratación.

Para o cálculo do incremento do cadro de persoal neto non se computarán as persoas traballadoras cuxas baixas se producisen por propia vontade da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por resolución durante o período de proba.

No caso de que nos tres meses anteriores á contratación pola que se solicita a subvención coincida con períodos de inactividade de persoas traballadoras fixas-descontinuas, estas computaranse como persoal fixo.

5. No caso da transformación do contrato temporal en indefinido:

a) Se a transformación se produce con anterioridade ao remate da duración inicial dun contrato temporal xa subvencionado, compensarase a parte da subvención concedida correspondente ao período non esgotado reducindo na mesma contía o incentivo pola transformación do contrato en indefinido.

O cálculo da contía que se minorará da subvención que lle correspondería á transformación farase do seguinte xeito:

i. Divídese a subvención concedida polo contrato temporal entre o número de meses de duración deste contrato.

ii. Calcúlase o número de meses que resta para o cumprimento do contrato temporal, a partir da data da transformación do contrato temporal en indefinido.

iii. E multiplícase o importe obtido na primeira operación (i) polo número de meses que faltan por cumprir do contrato temporal. A contía resultante descontarase do importe total da subvención que corresponde á transformación, tendo en conta que o mes en que se leve a cabo a transformación do contrato en indefinido non será computado para efectos da compensación, sexa cal sexa o día do dito mes en que aquela se realice.



b) Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses desde a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais cuxa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

6. As contratacións polas cales se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

Artigo 27. *Contía dos incentivos*

1. As contratacións indefinidas iniciais realizadas ao abeiro desta orde de convocatoria incentivaranse cunha axuda de 16.000 euros por cada persoa desempregada con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social contratada que cumpra os requisitos mencionados no artigo 26.

No caso de contratacións na modalidade de fixos-descontinuos, a contía do incentivo será proporcional ao tempo de traballo.

2. As contratacións temporais a tempo completo realizadas ao abeiro desta orde de convocatoria incentivaranse por cada persoa desempregada con discapacidade ou en situación de risco ou exclusión social contratada que cumpra os requisitos que establece o artigo 26 cunha axuda que, de acordo coa duración mínima inicial, será de:

- 2.000 euros por cada contratación temporal cunha duración inicial mínima de 3 meses.
- 4.000 euros por cada contratación temporal cunha duración inicial mínima de 6 meses.
- 8.000 euros por cada contratación temporal cunha duración inicial mínima de 12 meses.

3. As contías establecidas nos puntos 1 e 2 incrementaranse nun 25 % nos seguintes casos, que son acumulables entre si:

- a) Se é unha muller.
- b) Se é maior de 45 anos.
- c) Se é unha persoa emigrante retornada.



d) Se o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) está situado nun concello rural.

e) Se é trans.

f) Se é unha empresa con máis de 50 persoas traballadoras e cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 70 %.

g) Se a actividade da entidade solicitante pertence ao ámbito de sectores estratéxicos.

Aplicarase a subvención polos incrementos indicados pola persoa ou entidade solicitante; en caso de non exercer a opción, entenderase solicitada pola contía superior que quede acreditada coa documentación achegada coa solicitude.

4. A transformación de contratos temporais en indefinidos a tempo completo incentívanse cunha contía de 6.000 euros; neste caso, non serán aplicables os incrementos establecidos no punto anterior.

5. A contía das subvencións e os incentivos adicionais, se é o caso, será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legal.

6. Ás contías da subvención pola contratación indefinida e temporal das persoas con discapacidade establecidas no punto 1 e 2 incrementaranse en 1.000 euros, pola adaptación dos postos de traballo ou pola dotación de equipamentos de protección persoal necesarios para evitar accidentes laborais á persoa traballadora con discapacidade contratada, ou por eliminar barreiras ou obstáculos que impidan ou dificulten o traballo das persoas traballadoras con discapacidade. A necesidade da adaptación ou dos medios especiais de protección persoal deberá contar cunha memoria da empresa en que se acredite a necesidade da adaptación ou dotación de equipamentos antes citada.

Artigo 28. *Exclusións*

Exclúense dos beneficios regulados neste bono:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Esta-



tuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

2. Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato de carácter indefinido.

As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos últimos 3 meses prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de remuda ou de substitución por anticipación da idade de xubilación, salvo que a nova contratación sexa de carácter indefinido ou temporal dunha duración inicial mínima de 12 meses. O disposto nestes parágrafos será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

4. As persoas traballadoras que rematen unha relación laboral de carácter indefinido noutra empresa nun prazo dos tres meses previos á formalización do contrato polo cal se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedido recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 49.1.g), 51 e 52.c) do Estatuto dos traballadores.

Esta exclusión non será de aplicación cando a contratación indefinida se realice cun traballador ou traballadora con discapacidade procedente dun centro especial de emprego ou dunha empresa de inserción laboral. Tampouco será de aplicación no suposto da incor-



poración a unha empresa ordinaria de traballadores e traballadoras con discapacidade no marco do bono de emprego con apoio.

Artigo 29. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Poder suficiente da persoa representante e asinante da solicitude para actuar en nome da persoa solicitante, de ser o caso.

b) Informe de vida laboral dun código conta de cotización correspondente aos tres meses anteriores ao mes en que se realiza a contratación inicial, a transformación do contrato temporal en indefinido (desagregado mes a mes), máis o do correspondente ao do mes en que se realiza a dita contratación ou transformación. No caso de ter varias contas de cotización, deberá presentalas.

c) Declaración do cadro de persoal neto e fixo de todos os centros de traballo da empresa en Galicia nos tres meses anteriores ao inicio da relación laboral da persoa traballadora contratada (anexo II).

De ser o caso, TA2 de baixa das persoas traballadoras contratadas que causaron baixa polas causas previstas no artigo 26 da orde de convocatoria.

d) Declaración do cadro de persoal neto de todos os centros de traballo da empresa en Galicia nos tres meses anteriores ao inicio da contratación temporal por unha duración mínima inicial de tres meses (anexo III).

De ser o caso, TA2 de baixa das persoas traballadoras contratadas que causaron baixa polas causas previstas no artigo 26 da convocatoria.

e) Relación nominal das persoas traballadoras polas cales se solicita subvención en que se inclúan os custos salariais totais de dúas anualidades no caso das contratacións indefinidas iniciais, de 3, 6 ou 12 meses para as contratacións temporais ou a transformación de contratación temporal en indefinida de cada persoa traballadora, segundo o caso, pola cal se solicita subvención (anexo IV) e a nómina do mes de contratación.



f) Documentación que acredite a situación de discapacidade ou risco ou exclusión social para os casos en que esta situación fose recoñecida fóra de Galicia, respecto das persoas traballadoras polas cales se solicita subvención.

g) Comprobación de datos da persoa traballadora contratada (anexo V).

h) Documentos xustificativos do nacemento en Galicia da persoa traballadora contratada e, ademais, no caso de alegar algunha relación de parentesco coa persoa nacida en Galicia, documentación que acredite o vínculo con esta, no caso de solicitar o incremento de persoa emigrada retornada.

i) Certificado de persoa emigrada retornada, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a residencia no exterior e a data de retorno a España, no caso de solicitar o incremento de persoa emigrada retornada.

j) No caso de que as persoas polas cales se solicita a subvención teñan a condición de trans e opten polo incremento do 25 %, documentación que xustifique ter obtido ante o Rexistro Civil a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun sexo diferente ao do rexistrado ao nacer.

k) No caso de incremento da axuda pola adaptación dos postos de traballo ocupados por persoas traballadoras con discapacidade, de ser o caso, memoria descritiva da necesidade de adaptación ou dotación de medios de protección persoal con indicación do seu custo e calendario de execución.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

CVE-DOG: mxtmvhh6-pin9-rd53-jeh4-njkeruyxmht4



3. A documentación complementaria presentarse por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 30. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.
- b) NIF da entidade solicitante, de ser o caso.
- c) Certificación de que a persoa ou entidade solicitante está ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- d) Certificación de que a persoa ou entidade solicitante está ao día nas súas obrigas coa Administración Tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Certificación de que a persoa ou entidade solicitante está ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- f) DNI ou NIE da persoa traballadora contratada.
- g) Certificado de discapacidade da persoa traballadora contratada emitido pola Xunta de Galicia.
- h) Informe da vida laboral da persoa traballadora contratada.



i) Certificado de empadramento da persoa traballadora contratada, de ser o caso.

j) Certificado de inscrición da persoa traballadora contratada no Servizo Público de Emprego.

k) Contrato laboral da persoa traballadora contratada.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán indicalo no cadro indicado no formulario da solicitude, como figura no anexo I e no anexo V, e achegar os documentos correspondentes.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 31. *Xustificación e pagamento*

1. O pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pagamento no prazo, nos termos e no modo que se exixa de forma expresa na resolución de concesión ou, de ser o caso, ata o 30 de decembro de 2020. Excepcionalmente e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da documentación que non exceda a metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

A documentación que se debe presentar é a seguinte:

Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, complementaria da presentada coa solicitude (anexo IX).

No caso de incremento de subvención pola adaptación ao seu posto de traballo, presentación da documentación xustificativa da súa realización e do seu efectivo pagamento.

2. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres a persoa beneficiaria non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade So-



cial ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de procedencia de reintegro.

Artigo 32. *Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias*

Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das subvencións previstas neste capítulo, ademais das xerais recollidas no artigo 15, as seguintes:

1. Para as contratacións indefinidas iniciais son obrigas das entidades beneficiarias destas axudas:

Manter no seu cadro de persoal a persoa traballadora contratada durante un período de dous anos contado desde a data de realización da contratación.

No suposto de extinción da relación laboral dalgunha persoa traballadora pola cal se concedeu a subvención, a entidade beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante cunha nova contratación indefinida inicial realizada cunha persoa traballadora desempregada pola cal se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que cause baixa. Para cumprir esta obriga a empresa ten de prazo ata o último día do mes seguinte ao da baixa. Esta nova contratación deberá serlle comunicada ao órgano que concedeu a axuda e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

2. Para as transformacións de contratos temporais en indefinidos son obrigas das entidades beneficiarias destas axudas:

Manter no seu cadro de persoal a traballadora contratada durante un período de dous anos contado desde a data de realización da transformación do contrato temporal en indefinido.

No suposto de extinción da relación laboral dalgunha traballadora pola cal se concedeu a subvención, a entidade beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante cunha nova contratación indefinida inicial realizada cunha traballadora desempregada pola cal se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que cause baixa. Para cumprir esta obriga a empresa ten de prazo ata o último día do mes seguinte ao da baixa. Esta nova contratación deberá serlle comunicada ao órgano que concedeu a axuda e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.



3. Para as contratacións temporais cunha duración mínima inicial de tres meses son obrigas das entidades beneficiarias destas axudas:

a) Manter no seu cadro de persoal a persoa traballadora contratada polo período mínimo de duración que se estipule no contrato polo cal se solicita a subvención desde a data da súa realización.

No suposto de extinción da relación laboral dalgunha persoa traballadora pola cal se concedeu a subvención, a entidade beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante cunha nova contratación realizada cunha persoa traballadora desempregada pola cal se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que cause baixa. Para cumprir esta obriga a empresa ten de prazo ata o último día do mes seguinte ao da baixa. Esta nova contratación deberá serlle comunicada ao órgano que concedeu a axuda e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

b) Unha vez finalizado o período de contratación subvencionado, a entidade beneficiaria está obrigada a presentar, nos tres meses seguintes, as nóminas correspondentes aos meses de contratación, segundo o caso.

4. As persoas ou entidades beneficiarias do incremento da subvención pola adaptación de postos de traballo deberán manter o destino dos bens subvencionados polo mesmo tempo que están obrigados a manter o posto de traballo a cuxa adaptación aqueles bens serven, que non será inferior ao período mínimo do ben subvencionado.

Corresponderalle á xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria competente por razón do territorio levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e o seguimento deste programa.

Artigo 33. *Reintegro nos bonos de contratación*

Procederá o reintegro das axudas cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

1. Para as contratacións indefinidas iniciais e as transformacións:

a) Por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido nos artigos 32.1.a) e 32.2.a) desta orde, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.



b) Cando a substitución se realice transcorrido o prazo establecido nos artigos 32.1.a) e 32.2.a), entenderase que se produce un incumprimento parcial. Neste caso a contía que se debe reintegrar calcularase do seguinte xeito:

i) Divídese entre vinte e catro meses o importe concedido pola persoa traballadora substituída.

ii) Calcúlase o número de meses que o posto estivo vacante, computándose para estes efectos o prazo que concede a orde para proceder á substitución. Así mesmo, o mes en que se leve a cabo a substitución considerarase como mes de incumprimento, sexa cal sexa o día do dito mes en que aquela se realice.

iii) Multiplícase o importe obtido na operación primeira (i) polo número de meses en que o posto de traballo estivo vacante.

2. Procederá o reintegro total da axuda e, polo tanto, non caberá a substitución nin o reintegro parcial, naquelas contratacións cunha duración temporal inicial igual a tres meses en que non se cumpra o tempo de duración do contrato subvencionado.

3. Para as contratacións superiores a tres meses procederá o reintegro das axudas cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

Cando a entidade beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 32.3.a) desta orde, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido no antedito artigo, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

Hai que diferenciar entre o reintegro total, cando non se leve a cabo a substitución da persoa traballadora que causou baixa, e o reintegro parcial, que procederá no seguinte caso:

Se se efectuou a substitución, pero esta non se fixo no prazo anteriormente indicado. O cálculo da contía que se debe reintegrar parcialmente farase do seguinte xeito:

i. Divídese entre o número de meses que estipula o contrato a subvención concedida.

ii. Calcúlase o número de meses que o posto estivo vacante, computándose para estes efectos o prazo que se concede para proceder á substitución. Así mesmo, o mes en que se



leve a cabo a substitución considerárase como mes de incumprimento, sexa cal sexa o día do dito mes en que aquela se realice.

iii. E multiplícase o importe obtido na primeira operación (i) polo número de meses nos que o posto de traballo estivo vacante.

Sección 3ª. Bono de incentivos á formación

Artigo 34. Accións subvencionables e requisitos

1. As empresas que así o soliciten poderán ser beneficiarias dun bono para a formación das persoas traballadoras subvencionadas por medio do bono de contratación indefinida inicial ou temporal previsto nesta orde. Para isto teñen que cumprir os seguintes requisitos:

a) A persoa traballadora que recibe a formación e titorización ten que ser a mesma que participa no programa de bonos de contratación e, polo tanto, cumprir os mesmos requisitos que se establecen para participar na sección 2ª do capítulo II.

b) En canto á duración da acción formativa, esta será dun mínimo de 70 horas no caso dos contratos indefinidos iniciais e dunha duración mínima de 50 horas no caso dos contratos temporais cunha duración mínima de 6 meses, de formación teórica en contidos relacionados co posto de traballo a que asista integramente a persoa traballadora que participa neste programa.

Quedan excluídas deste tipo de axuda:

– A formación nas modalidades de teleformación e a distancia.

– As contratacións temporais inferiores a 6 meses.

c) A formación levarase a cabo dentro da xornada laboral establecida no contrato.

d) A acción formativa deberá estar finalizada o 30 de novembro de 2020.

2. Queda excluída deste bono de formación aquela que supoña o cumprimento de obrigas legais empresariais en materia preventiva a que fai referencia o artigo 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.



Artigo 35. *Lugar de impartición das accións formativas*

As entidades beneficiarias desenvolverán as accións formativas a través de medios propios ou por medio da súa contratación e poderán realizalas tanto nas súas instalacións como nas da entidade encargada da súa formación.

Artigo 36. *Contías dos incentivos e condicións da percepción*

Esta formación incentivarase con 2.000 euros por cada persoa contratada por medio dun contrato temporal inicial cunha duración mínima de 6 meses e 4.000 euros por cada persoa traballadora dada de alta nun contrato indefinido inicial e que en ambos os dous casos cumpran os requisitos establecidos na presente orde.

Artigo 37. *Xustificación e pagamento*

1. O pagamento da subvención quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pagamento no prazo, nos termos e no modo que se exixa de forma expresa na resolución de concesión e, en todo caso, non poderá ir máis alá do 30 de decembro de 2020. Excepcionalmente e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da documentación que non exceda a metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

2. A documentación que se debe presentar é a seguinte:

– Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, complementaria da presentada coa solicitude (anexo IX).

– Documento acreditativo de que a solicitante comunicou ás persoas representantes legais das persoas traballadoras a acción formativa xustificativa do bono de formación que se realizou coa solicitude desta axuda. No supostos de que non haxa representantes legais, a comunicación debe realizarse a todas as persoas traballadoras da empresa.

– Copia dos partes de asistencia asinados pola persoa titora e pola persoa traballadora por cada sesión diaria de formación.



– Informe de aproveitamento asinado pola persoa titora e pola persoa traballadora en que se detalle:

Os contidos das accións formativas na empresa.

O programa de actividades e servizos que a empresa puxo á disposición do formando para familiarizarse coa empresa.

Os seus coñecementos e habilidades melloradas.

3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres a entidade beneficiaria non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de procedencia de reintegro.

Artigo 38. Incumprimento de obrigas e reintegro

No caso de que a persoa traballadora pola cal se solicita as axudas establecidas no bono de formación cause baixa na empresa, se esta non recibiu as horas de formación establecidas no artigo 34.1.b) na súa totalidade, a entidade beneficiaria non terá dereito a percibir esta axuda.

No caso de que a persoa traballadora que causou baixa fose substituída por outra persoa traballadora que cumprise as mesmas condicións que a anterior, a entidade beneficiaria poderá percibir a axuda establecida no bono formación no caso de que esta nova persoa traballadora reciba a formación na súa totalidade, segundo o artigo 34.

Esta axuda percibirase por unha soa persoa traballadora formada.

En todo caso, as accións formativas deberán executarse, no referente aos prazos, segundo o establecido no artigo 34 desta orde de convocatoria.

Sección 4ª. Bono de emprego con apoio

Artigo 39. Obxecto do bono de emprego con apoio

1. Esta liña de axudas ten como obxecto subvencionar as entidades promotoras de proxectos de emprego con apoio para financiar os custos laborais e de Seguridade Social



derivados da contratación dos preparadores e das preparadoras laborais que leven a cabo as accións de emprego con apoio.

Trátase de favorecer a integración laboral das persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social con especiais dificultades para a súa inserción laboral, favorecendo a súa integración en empresas con centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a implementación de accións de emprego con apoio.

2. As accións de emprego con apoio desenvolveranse no marco de proxectos de emprego con apoio, nos cales se deberán recoller, polo menos, as seguintes accións:

a) Orientación, asesoramento e acompañamento á persoa traballadora apoiada, elaborando para cada persoa traballadora un programa de adaptación ao posto de traballo.

b) Labores de achegamento e mutua axuda entre a persoa traballadora beneficiaria do Programa de emprego con apoio, o empregador ou empregadora e o persoal da empresa que comparta tarefas coa persoa traballadora apoiada.

c) Apoio á persoa traballadora no desenvolvemento de habilidades sociais e comunitarias, de modo que se poida relacionar co contorno laboral nas mellores condicións.

d) Adestramento específico da persoa traballadora apoiada nas tarefas inherentes ao posto de traballo.

e) Seguimento da persoa traballadora apoiada e avaliación do proceso de inserción no posto de traballo. Estas accións terán por obxecto a detección de necesidades e a prevención de posibles ameazas ou riscos, tanto para a persoa traballadora como para a empresa que a contrata, que poñan en perigo o obxectivo de inserción e permanencia no emprego.

f) Asesoramento e información á empresa sobre as necesidades e os procesos de adaptación do posto de traballo.

Artigo 40. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes do programa de emprego con apoio comezará o día seguinte ao da publicación desta orde e rematará o 30 de setembro de 2020.

CVE-DOG: mxmtmvhh6-pin9-rd53-jeh4-mjkeruyxmht4



Artigo 41. Promotores de proxectos de emprego con apoio e entidades beneficiarias das subvencións

Poderán promover proxectos de emprego con apoio e ser beneficiarias das correspondentes subvencións reguladas nesta orde as seguintes entidades:

1. As asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro que subscriban o correspondente convenio de colaboración coa empresa que vai contratar as persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social ás cales se lles vai prestar o emprego con apoio e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter por obxecto social, entre outros, a inserción laboral ou a creación de emprego a favor de persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social.

b) Contar no seu cadro de persoal con preparadores ou preparadoras laborais especializados que cumpran os requisitos establecidos no artigo 44 ou comprometerse a incorporalos, así como dispor dos recursos materiais necesarios que garantan un desenvolvemento idóneo dos programas de emprego con apoio.

c) Ter experiencia acreditada no desenvolvemento de programas de integración laboral de persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social.

d) Desenvolver as actividades de emprego con apoio de modo gratuíto, sen que caiba o cobramento ou a percepción de ningún tipo de cantidade ou tarifa a persoas traballadoras ou empresarios e empresarias.

2. Os centros especiais de emprego, cualificados e inscritos como tales no rexistro administrativo de centros especiais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia que subscriban un convenio de colaboración coa empresa que vai contratar persoas traballadoras con discapacidade procedentes do cadro de persoal do mesmo centro ou doutros centros especiais de emprego.

Tamén as empresas de inserción laboral que subscriban convenio de colaboración coa empresa que vai contratar persoas traballadoras en situación ou risco de exclusión social procedentes do cadro de persoal da mesma empresa ou doutras empresas de inserción laboral.

CVE-DOG: mxtmvhh6-pin9-rd53-jeh4-njkeruyxmht4



Estes centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Contar no seu cadro de persoal con preparadores e preparadoras laborais especializados que cumpran os requisitos establecidos no artigo 44 ou comprometerse a incorporalos, así como dispor dos recursos materiais necesarios que garantan un desenvolvemento idóneo dos programas de emprego con apoio.

b) Desenvolver as actividades de emprego con apoio de modo gratuíto, sen que caiba o cobramento ou a percepción de ningún tipo de cantidade ou tarifa a persoas traballadoras ou empresarios e empresarias.

3. As empresas do mercado ordinario de traballo, incluídos os traballadores e traballadoras autónomos, que contraten as persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social beneficiarias das ditas accións de apoio, sempre que conten no seu cadro de persoal con preparadores e preparadoras laborais especializados que cumpran os requisitos establecidos no artigo 44 ou se comprometan a incorporalos, e que dispoñan dos recursos materiais necesarios que garantan un desenvolvemento idóneo dos programas de emprego con apoio.

Artigo 42. *Persoas destinatarias finais*

1. A poboación obxectivo do bono de emprego con apoio serán traballadores e traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social inscritos nos servizos públicos de emprego como demandantes de emprego non ocupados, así como traballadores e traballadoras con discapacidade procedentes de centros especiais de emprego ou persoas traballadoras en situación ou risco de exclusión social procedentes de empresas de inserción laboral, sempre que, en todos os casos, se atopen nalgún dos supostos que se describen a continuación:

a) Persoas con parálise cerebral, persoas con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual cun grao de recoñecido igual ou superior ao 33 %.

b) Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.

c) Persoas xordas e con discapacidade auditiva, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.



d) Persoas en situación ou en risco de exclusión social recoñecido polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia que non teñan ningunha das discapacidades indicadas nas letras anteriores.

2. As ditas persoas traballadoras deberán ser contratadas por unha empresa ou persoa empregadora do mercado ordinario de traballo para ser empregadas efectivamente na organización produtiva da empresa.

As empresas e persoas empregadoras terán dereito aos beneficios previstos nesta orde de contratación de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social nos termos establecidos nela e poderán solicitar as subvencións do bono de contratación e formación de persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social na empresa ordinaria regulado no capítulo II desta orde.

3. Poderán ser persoas obxectivo deste bono as sinaladas nas letras a), b) e c) do punto 1 deste artigo que, estando empregadas mediante un contrato de carácter indefinido, requiran o desenvolvemento das accións de emprego con apoio previstas no artigo 39 desta orde, como consecuencia dunha alteración das condicións da prestación do seu traballo ou do seu contorno laboral que produzan agudos problemas de adaptación que ameacen a continuidade da súa actividade produtiva.

Artigo 43. *Proxectos de emprego con apoio e convenio de colaboración*

1. Os proxectos de emprego con apoio deberán facer constar, polo menos, os seguintes aspectos:

a) Identificación da empresa que vai contratar as persoas traballadoras que van recibir apoio, así como o seu compromiso de contratación das ditas persoas.

b) Identificación da entidade promotora que vai levar a cabo as accións de emprego con apoio a través dos preparadores e das preparadoras laborais que ten contratados ou que vai contratar; neste caso, deberá expresar o seu compromiso de contratación.

c) Número de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social que van recibir as accións de emprego con apoio, con indicación do tipo e grao de discapacidade, tipo e duración do contrato que se lles vai formalizar e do centro ou centros de traballo en que van efectuar a prestación laboral, así como a descrición de cada un dos postos de traballo.



d) Relación dos preparadores e das preparadoras laborais que van prestar o apoio ás persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social, con indicación do tipo e duración do contrato de traballo formalizado ou que van formalizar coa entidade promotora do emprego con apoio.

e) Descrición da previsión das accións de emprego con apoio que cada preparador ou preparadora vai prestar a cada unha das persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social que lle corresponda atender, especificando a duración das ditas accións e a distribución temporal prevista nelas.

f) Nomeamento, por parte da empresa que vai contratar as persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social que van recibir apoio, entre o seu persoal, da figura do coordinador ou coordinadora do proxecto con apoio, que desenvolverá accións para facilitar as relacións entre as persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social, os preparadores e as preparadoras laborais e o persoal da empresa, así como o seguimento e a avaliación por parte da empresa.

g) Convenio ou convenios de colaboración a que se refire o punto 2 deste artigo, no caso de que a entidade promotora sexa distinta da empresa que contrata as persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social.

2. As entidades promotoras de emprego con apoio sinaladas nos números 1 e 2 do artigo 41 deberán subscribir un convenio de colaboración coa empresa que vaia contratar as persoas traballadoras destinatarias do emprego con apoio, co seguinte contido mínimo:

a. Identificación de ambas as dúas partes, facendo constar a denominación social, o domicilio e o número de identificación fiscal.

b. Compromiso da entidade promotora de levar a cabo todas as accións de adaptación ao posto de traballo de cada persoa traballadora incluída no proxecto de emprego con apoio, para o cal a empresa tamén se deberá comprometer a permitir e facilitar a tarefa do preparador ou da preparadora laboral e a favorecer os apoios internos ao longo do proceso de inserción.

c. Compromiso de ambas as dúas partes de que as accións de emprego con apoio se prestarán de forma gratuíta.

CVE-DOG: mxmtmvhh6-pin9-rd53-jeh4-mjkeruyxmht4



Artigo 44. *Preparadores e preparadoras laborais*

1. As accións de emprego con apoio serán levadas a cabo por preparadores e preparadoras laborais, que deberán estar en posesión dunha titulación mínima de formación profesional de grao medio ou equivalente e acreditar unha experiencia previa de polo menos un ano en actividades de integración laboral de persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social que as capacite para a realización das funcións propias do seu posto.

2. O tempo de atención a cada persoa traballadora con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social non poderá ser inferior á porcentaxe da xornada de traballo da dita persoa traballadora que se relaciona a continuación:

a) Un terzo no caso de persoas traballadoras con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.

b) Un quinto no caso de persoas traballadoras con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 % e inferior ao 65 %.

c) Un oitavo no caso de persoas traballadoras:

– Con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.

– Persoas xordas e con discapacidade auditiva, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

– Persoas en situación ou risco de exclusión social.

Cando un mesmo preparador ou preparadora laboral preste atención a máis dunha persoa traballadora con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social, o tempo de atención conxunto será a suma dos tempos de atención de cada unha das ditas persoas traballadoras. En ningún caso un preparador ou preparadora laboral poderá atender simultaneamente máis de 3, 5 ou 8 persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social dos grupos a), b) e c) antes sinalados, respectivamente, ou os equivalentes cando as persoas traballadoras atendidas pertencen a distintos grupos.



Artigo 45. Contía das axudas

1. A subvención establecida neste bono destinarase a financiar os custos derivados da contratación dos preparadores e das preparadoras laborais que se xeren durante o desenvolvemento das accións do emprego con apoio, dentro do período subvencionable.

2. A contía base por preparador/a laboral establécese en función do número de persoas traballadoras en situación ou risco de exclusión social ou de persoas con discapacidade co tipo e grao indicados no artigo 44.2, destinatarias das accións de emprego con apoio, contratadas para prestar servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondendo:

a) 8.500 euros anuais por cada persoa traballadora incluída na liña a), a xornada completa.

b) 5.500 euros anuais por cada persoa traballadora incluída na liña b), a xornada completa.

c) 3.500 euros anuais por cada persoa traballadora incluída na liña c) a xornada completa.

3. A contía base reducirase proporcionalmente en función da duración do contrato de cada persoa traballadora que recibe o apoio, así como en función da súa xornada no suposto de que o contrato sexa a tempo parcial.

4. Así mesmo, a contía base poderá incrementarse nas porcentaxes que se sinalan a seguir, segundo se dean as seguintes circunstancias (acumulables entre si) na persoa preparadora laboral contratada:

a) Un 25 % se é unha muller.

b) Un 25 % se é maior de 45 anos.

c) Un 25 % se é persoa emigrante retornada.

d) Un 25 % no caso de que o seu centro de traballo estea situado nun concello rural.

e) Un 25 % se é trans.



f) Un 25 % se é unha empresa con máis de 50 persoas traballadoras e cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 70 %.

g) Un 25 % se a actividade da entidade solicitante pertence ao ámbito de sectores estratéxicos.

5. En ningún caso a contía da axuda poderá superar o 100 % dos custos laborais e de Seguridade Social da persoa preparadora laboral contratada para o desenvolvemento da actividade de emprego con apoio nin o fixado no convenio colectivo de aplicación (excluído o concepto de desprazamento).

6. No suposto das entidades sinaladas nos números 1 e 2 do artigo 41, cando un mesmo preparador ou preparadora laboral teña que prestar apoios a persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social en centros de traballo ou empresas de distintos concellos, poderase conceder unha subvención en concepto de custos de desprazamento nunha contía máxima de 2.500 € por preparador laboral.

Para o cálculo das subvencións das accións de emprego con apoio terase en conta unicamente o período en que cada persoa traballadora apoiada permaneza contratada e recibindo apoio durante o desenvolvemento da acción.

7. Non se poderán outorgar subvencións conforme o previsto nesta orde referidas a unha mesma persoa traballadora con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social, aínda que correspondan a distintos proxectos de emprego con apoio, por tempo superior a dous anos ou, no suposto de persoas traballadoras co tipo e grao de discapacidade establecido no artigo 42.1.a), por tempo superior a 3 anos.

Artigo 46. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do bono de emprego con apoio

1. As solicitudes deberanse presentar nos modelos normalizados que figuran como anexo I á orde e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Se o solicitante é unha persoa xurídica, poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade.

b) Documentación acreditativa da inscrición da entidade que realiza as accións de emprego con apoio no rexistro correspondente, de ser o caso.



c) Memoria que permita valorar a competencia, experiencia e capacidade da entidade que presta o emprego con apoio, con indicación dos recursos materiais de que dispoñen para desenvolver as actuacións polas cales se solicita subvención.

d) Documentación relativa ás persoas preparadoras laborais en que se inclúa currículo e documentos que acrediten a súa experiencia profesional para a realización das accións de emprego con apoio.

e) Proxecto de emprego con apoio e convenio de colaboración entre a entidade promotora do emprego con apoio e a empresa empregadora, establecido no artigo 43.

f) Relación nominal dos preparadores e preparadoras laborais que prestan ou van prestar o apoio ás persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social con indicación do tipo, duración e xornada do contrato de traballo formalizado, ou que van formalizar, caso en que deberá expresar o seu compromiso de contratación (segundo o modelo do anexo VI).

g) Relación nominal das persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social que van recibir as accións de emprego con apoio, con indicación do tipo e grao de discapacidade, do tipo, duración e xornada do contrato formalizado ou que se lles vai formalizar e do centro ou centros de traballo en que efectúan ou van efectuar a prestación laboral, segundo o modelo do anexo VII.

h) Comprobación de datos da persoa preparadora laboral contratada e das persoas que van recibir o apoio (anexo VIII).

i) Documentación acreditativa da situación ou de risco de exclusión social das persoas traballadoras que van recibir o apoio, no caso de que non sexa perceptora da renda de inclusión social de Galicia.

j) Certificado de discapacidade das persoas traballadoras con discapacidade polas cales se solicita subvención (para os casos de discapacidade recoñecida fóra de Galicia).

k) Documentos xustificativos do nacemento en Galicia da persoa traballadora contratada e, ademais, no caso de alegar algunha relación de parentesco coa persoa nacida en Galicia, documentación que acredite o vínculo con esta, no caso de solicitar o incremento de emigrante retornado.



l) Certificado de persoa emigrante retornada, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a residencia no exterior e a data de retorno a España, no caso de solicitar o incremento de persoa emigrante retornada.

m) No caso de que as persoas polas cales se solicita a subvención teñan a condición de trans e opten polo incremento do 25 %, documentación que xustifique ter obtido ante o Rexistro Civil a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun sexo diferente ao rexistrado ao nacer.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria presentarse por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

CVE-DOG: mxtmvhh6-pin9-rd53-jeh4-mjkeruyxmht4



Artigo 47. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) Certificación de que a persoa ou entidade solicitante está ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- d) Certificación de que a persoa ou entidade solicitante está ao día nas súas obrigas coa Administración Tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Certificación de que a persoa ou entidade solicitante está ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal Tributaria.
- h) Inscripción como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego relativo ás persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social que reciben o apoio.
- i) Certificado de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia relativo ás persoas con discapacidade que reciben apoio.
- j) DNI ou NIE das persoas preparadoras laborais polas cales se solicita a subvención e das persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social que reciben apoio.
- k) Certificado de empadramento das persoas preparadoras laborais pola cal se solicita subvención, de ser o caso.
- l) Contratos de traballo de preparadoras laborais polas cales se solicita a subvención e das persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social que reciben apoio.
- m) Informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social das preparadoras laborais polas cales se solicita a subvención e das persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social que reciben apoio.



n) Titulación universitaria e titulación non universitaria das persoas preparadoras laborais.

o) Certificado de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia da persoa con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social que recibe apoio.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro indicado no formulario de solicitude, como figura no anexo I e no anexo VIII, e achegar os documentos correspondentes.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 48. *Instrución, resolución e competencia*

1. O órgano instrutor dos expedientes destes bonos será o Servizo de Emprego e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria competente por razón do territorio, que instruirá os procedementos de acordo cos criterios establecidos para os ditos bonos.

2. Entenderase que a empresa desiste da súa solicitude cando a persoa traballadora pola cal se solicitou o emprego con apoio cause baixa na empresa solicitante en data anterior á resolución da concesión da axuda. A empresa solicitante está obrigada a comunicar esta situación ao órgano ante o cal solicitou a axuda.

3. O prazo para resolver e notificar de tres meses computarase desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 49. *Gasto subvencionable.*

1. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o período subvencionable, que comprende desde o



1 de outubro de 2019 ata a finalización do prazo de presentación de solicitudes, tal como se establece no artigo 40.

2. As empresas e entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento no prazo establecido na resolución de concesión ou, de ser o caso, ata o 30 de decembro de 2020. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda a metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

Artigo 50. *Xustificación e pagamento*

1. O pagamento da subvención quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa no prazo, nos termos e no modo que se exixa de forma expresa na resolución de concesión e, en todo caso, non poderá ir máis alá do 30 de decembro de 2020.

2. Excepcionalmente e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda a metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

3. A documentación é a seguinte:

a) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (segundo o modelo do anexo IX).

b) Certificación de gastos relativos aos custos laborais e de Seguridade Social dos preparadores ou preparadoras laborais polos cales se concedeu a subvención, xunto con copia das nóminas.

c) Certificación con relación ás persoas traballadoras con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social que recibiron as accións de emprego con apoio por parte da persoa preparadora laboral, con indicación da permanencia ou variacións respecto da solicitude inicial.

d) Memoria xustificativa do cumprimento dos obxectivos previstos no proxecto de emprego con apoio e avaliación dos seus resultados.

CVE-DOG: mxtmvhh6-pin9-rd53-jeh4-njkeruyxmht4



e) De ser o caso, acreditación do pagamento dos gastos en concepto de desprazamento nas nóminas dos preparadores ou preparadoras laborais, xunto cunha declaración asinada pola entidade e polo preparador ou preparadora laboral, relativa aos custos reais aboados, relacionando os desprazamentos aos concellos polos cales se xustifica a subvención.

4. Non se poderá realizar o pagamento da subvención mentres a entidade beneficiaria non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de procedencia de reintegro.

Artigo 51. *Obrigas específicas, incumprimentos e reintegros*

1. Son obrigas das entidades beneficiarias das subvencións previstas neste capítulo, ademais das xerais recollidas no artigo 15 da orde, as seguintes:

– Manter os postos de traballo dos preparadores e das preparadoras laborais polo período subvencionado. Cando se produza unha baixa dun preparador ou preparadora laboral, deberá ser comunicada pola entidade beneficiaria á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria que concedeu a subvención. A substitución do preparador ou da preparadora laboral deberase realizar por outro profesional que reúna os mesmos requisitos exixidos para a concesión da subvención e terá que realizarse no prazo dun mes desde a data da baixa. A empresa disporá do prazo dun mes para comunicar a baixa e substitución da persoa preparadora laboral.

Unha vez realizada a substitución, deberá ser comunicada pola entidade beneficiaria á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria que concedeu a subvención, achegando a seguinte documentación:

– Currículo do preparador ou da preparadora laboral, xunto cos documentos que acrediten a súa formación e experiencia profesional para a realización das accións de emprego con apoio.

– Contrato de traballo e documento de alta na Seguridade Social.

– Descrición detallada das accións de emprego con apoio que o preparador ou a preparadora laboral vai prestar a cada unha das persoas traballadoras con discapacidade



ou en situación ou risco de exclusión social que lle corresponda atender, especificando a duración das ditas accións e a distribución temporal prevista destas.

2. No suposto de non manter os postos de traballo dos preparadores e das preparadoras laborais polo total do período subvencionado, ou de non cumprir as condicións de apoio ás persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social previstas nesta orde, procederá a perda parcial do dereito a cobrar a subvención concedida e, de ser o caso, o reintegro das contías percibidas.

Será causa de revogación total da subvención concedida e, de ser o caso, de reintegro das subvencións percibidas pola contratación do preparador ou preparadora laboral, o seu despedimento declarado ou recoñecido improcedente.

3. Aos centros especiais de emprego que perciban as subvencións deste programa seralles de aplicación, para os efectos de seguimento e control, o disposto no artigo 13 do Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba o Regulamento dos centros especiais de emprego, e deberán achegar a memoria anual conforme o previsto no artigo 8 do Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento.

Artigo 52. *Incompatibilidade e concorrencia de axudas*

1. En ningún caso o importe das subvencións concedidas ao abeiro deste programa poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, concedidos por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o 100 % dos custos laborais e de Seguridade Social da persoa preparadora laboral subvencionada.

2. Estas subvencións son compatibles coas reguladas na orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola cal se establecen as bases reguladoras do Programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional e orientadores laborais en empresas de inserción, no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o centro especial de emprego, tanto a través da unidade de apoio á actividade profesional como do proxecto de emprego con apoio, preste as accións de apoio previstas



ás persoas traballadoras con discapacidade contratadas e atendidas en cada programa, coas limitacións en canto ao tempo de atención e número de persoas traballadoras que se van atender establecidas para os ditos programas.

b) Que os custos laborais e de Seguridade Social xerados pola contratación laboral dos preparadores ou das preparadoras laborais a que se refire o artigo 45.1 desta orde e os correspondentes ao período de contratación das persoas traballadoras da unidade de apoio á actividade profesional se imputen proporcionalmente en función da dedicación á unidade de apoio á actividade profesional ou ao proxecto de emprego con apoio, sempre que a suma total das dúas subvencións non supere tales custos.

3. No caso de empresas de inserción laboral, as axudas ao emprego con apoio serán incompatibles coa axudas por persoal técnico en orientación e acompañamento á inserción que se establecen nas bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras.

Artigo 53. *Réxime de axudas*

1. Estas axudas quedan sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro); ao Regulamento (UE) núm. 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L190, do 28 de xuño), e ao Regulamento (UE) núm. 1408/2013, do 18 de decembro, modificado polo Regulamento (UE) 2019/316 da Comisión, do 21 de febreiro de 2019 (DOUE L51 1/1, do 22 de febreiro), relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L352, do 24 de decembro).

Ao estar este réxime de axudas suxeito ao réxime *de minimis*, deberase garantir que, no caso de axudas a empresas, de recibir o beneficiario outras axudas baixo o réxime *de minimis* non se supera o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais; para as empresas do sector transporte de mercadorías por estrada, este límite redúcese a 100.000 euros. Para as empresas do sector da pesca as axudas *de minimis* totais que se concedan a unha mesma empresa non poderán superar os 30.000 euros durante calquera



período de tres exercicios fiscais. Para as empresas do sector agrícola, o límite *de minimis* redúcese a 20.000 euros durante calquera período de tres exercicios. Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de «única empresa» establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013.

2. Cando as persoas destinatarias finais das axudas sexan persoas con discapacidade con especiais dificultades de inserción que estean nalgún dos casos indicados nas letras a), b) e c) do artigo 43, as axudas serán compatibles co mercado común, xa que se rexen polo Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (DOUE L 187, do 26 de xuño de 2014). En concreto, régulanse no artigo 34 2.b) do regulamento, xa que se trata de axudas para compensar os custos adicionais do emprego de persoas traballadoras con discapacidade para os seguintes custos subvencionables: b) Os custos salariais do persoal exclusivamente durante o tempo que se dedique a asistir as persoas traballadoras con discapacidade e da formación do dito persoal para axudar ás persoas traballadoras con discapacidade.

As axudas que se rexen por este regulamento sométense ás seguintes condicións:

A) Neste caso a intensidade da axuda non poderá superar o 100 % dos custos subvencionables indicados.

B) O artigo 1 do Regulamento 651/2014 sinala os supostos en que non se poderán conceder as axudas:

I. Axudas a actividades relacionadas coa exportación, concretamente as axudas directamente vinculadas ás cantidades exportadas, as axudas ao establecemento e funcionamento dunha rede de distribución ou as axudas a outros custos correntes vinculados á actividade exportadora.

II. As axudas condicionadas á utilización de produtos nacionais en lugar de importados.

III. As axudas ás empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente logo da decisión previa da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior.



IV. As axudas a empresas en crise. Considerarase empresa en crise a empresa en que concorra, polo menos, unha das seguintes circunstancias:

a) Se se trata dunha sociedade de responsabilidade limitada (distinta dunha peme con menos de tres anos de antigüidade), cando desaparecese máis da metade do seu capital social subscrito como consecuencia das perdas acumuladas; é o que ocorre cando a dedución das perdas acumuladas das reservas (e de todos os demais elementos que adoitan considerarse fondos propios da sociedade) levan a un resultado negativo superior á metade do capital social subscrito; para efectos da presente disposición, «sociedade de responsabilidade limitada» refírese, en particular, aos tipos de sociedades mencionados no anexo I da Directiva 2013/34/UE e «capital social» inclúe, cando proceda, toda prima de emisión.

b) Se se trata dunha sociedade en que polo menos algúns socios teñen unha responsabilidade ilimitada sobre a débeda da sociedade (distinta dunha peme con menos de tres anos de antigüidade), cando desaparecese polas perdas acumuladas máis da metade dos seus fondos propios que figuran na súa contabilidade; para efectos da presente disposición, «sociedade en que polo menos algúns socios teñen unha responsabilidade ilimitada sobre a débeda da sociedade» refírese, en particular, aos tipos de sociedades mencionados no anexo II da Directiva 2013/34/UE.

c) Cando a empresa se atope inmersa nun procedemento de quebra ou insolvencia ou reúna os criterios establecidos no seu dereito nacional para ser sometida a un procedemento de quebra ou insolvencia por petición dos seus acredores.

d) Cando a empresa recibise axuda de salvamento e aínda non devolvese o préstamo ou puxese fin á garantía, ou recibise axuda de reestruturación e esta aínda suxeita ao plan de reestruturación.

e) Se se trata dunha empresa distinta dunha peme, cando durante os dous exercicios anteriores:

1º. A ratio débeda/capital da empresa fose superior a 7,5 e

2º. A ratio de cobertura de xuros da empresa, calculada sobre a base do EBITDA, estivese situada por debaixo do 1,0.

CVE-DOG: mxtmvhh6-pin9-rd53-jeh4-mjkeruyxmht4



V. As axudas estatais que entrañen por si mesmas, polas condicións inherentes a elas ou polo seu método de financiamento, unha infracción indisoluble do dereito da Unión, en particular:

a) As medidas de axuda cuxa concesión estea supeditada á obriga de que o beneficiario teña a súa sede nun Estado membro pertinente ou de que estea establecido predominantemente nese Estado membro; con todo, si se autoriza o requisito de dispor dun establecemento ou dunha sucursal no Estado membro que concede as axudas no momento en que se fagan efectivas.

b) As medidas de axuda cuxa concesión estea supeditada á obriga de que o beneficiario utilice bens de produción nacional ou servizos nacionais.

c) As medidas de axuda que restrinxan a posibilidade de que os beneficiarios exploten os resultados da investigación, o desenvolvemento e a innovación noutros Estados membros.

C) Tampouco resultarán subvencionables por esta orde as axudas que superen os dez millóns de euros por empresa e ano, conforme o establecido no artigo 4 do Regulamento 651/2014. Este limiar máximo de axuda non poderá ser evitado mediante a división artificial dos réximes de axudas ou dos proxectos de axuda.

D) Na solicitude da axuda e nas solicitudes de pagamento da subvención concedida a empresa declarará que se cumpren todas as condicións previstas neste artigo, que non está incurso nalgún dos supostos de exclusión, e que non se supera o limiar máximo da axuda.

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria nos xefes e xefas territoriais, no ámbito das súas respectivas provincias, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, e para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas persoas beneficiarias, respecto das resolucións concesorias de que derivan, ditadas por delegación da persoa titular da consellería.

CVE-DOG: mxmtvhh6-pin9-rd53-jeh4-mjkeruyxmht4



Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria na persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego para tramitar e resolver os expedientes de redistribución dos créditos necesarios para o financiamento desta orde.

Disposición adicional segunda. *Información básica sobre protección de datos persoais*

